

A Coruña, 12 de decembro de 2018

Fundación Repsol e a Refinería entregan as Bolsas de formación Profesional 2018-2019

O complexo industrial de Repsol na Coruña acolleu esta tarde nas súas instalacións o acto de entrega das Bolsas FP de Fundación Repsol - Refinería da Coruña aos 20 estudantes seleccionados do programa neste curso 2018-2019.

Javier Sancho, director da refinería e Dácil Suarez, subdirectora de Persoas & Organización do complexo industrial han presidido o acto ao que asistiron medio centenar de persoas entre alumnos, familiares, docentes e directivos dos centros educativos.

Este programa de bolsas é unha iniciativa de Fundación Repsol en colaboración cos Complexos Industriais de Repsol e Petronor que nace co obxectivo de promover a Formación Profesional como unha opción educativa, mellorando a capacidade de empleabilidade dos mozos.

No curso 2018/2019 concedéronse un total de 100 bolsas, das cales 20 foron para alumnos da contorna da Refinería da Coruña. Ademais, desde a posta en marcha do programa en 2011, máis de 200 alumnos da Coruña e Arteixo beneficiáronse destas axudas.

BOLSEIROS

Os vinte alumnos cursan os seus estudos nos centros educativos Afundación, Ánxel Casal, Cruz Vermella, Fernando Wirtz, o Liceo A Paz, Nebrija Torre de Hércules, A Sardiñeira e Urbano Lugrís, obtendo 15 bolsas para Grao superior e 5 para Ciclo formativo de Grao medio, cunha contía de 800 euros cada unha. Esta oitava edición superou o índice de solicitudes, sendo máis de douscentos estudantes solicitaron as axudas.

Ademais, en liña co compromiso de Repsol e a súa Fundación coa integración social e laboral das persoas con capacidades diferentes, reservouse e concedido dúas das bolsas para estudantes cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.